

Texto e ilustracións: **PINTO&CHINTO**

Encadernado en cartóné

72 páxinas a toda cor. 30x21,5 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Tito Longueirón"  
BD Banda. ISBN 84-8464-554-1

-Castelán: "Tito Longueirón"  
BD Banda. ISBN 978-84-935122-6-2

Prezo: 14 €

## TITO LONGUEIRÓN

Futbolista, piloto de carreiras, saltador, boxeador, lanzador de disco, regatista, esquiador... Ningún deporte ten segredos para Tito Longueirón, quizais o atleta máis completo da historia (e da historieta). En cada disciplina non dubida en facer uso das súas cualidades innatas, entre as que destacan a pillería e unha leve tendencia a facer pequenas trampulladas.

Son viñetas mudas, baseadas no gag visual, un tipo de humor que David Pintor considera "máis elegante e universal". Con este personaxe, os creadores fixeron a súa primeira incursión na banda deseñada: Tito Longueirón viu a luz en 2002 na revista *Golfiño*, baixo a dirección de Fausto Isorna.

O protagonista é un incansable deportista -xa adulto- que gaña a tipos grandes e fortes a base de enxeño, o que se interpreta como unha reivindicación da maña sobre a forza. "Trátase de que Tito resolva os retos deportivos que se lle presentan dunha maneira orixinal e divertida, sempre con picaresca e mesmo deixando de lado o regramento", explican os autores nunha entrevista incluída nas páxinas finais do libro.


Tratar de gañar un campionato de pesca submarina atracando unha peixería, xogar partidas de xadrez exercitando as neuronas cun aparato de impulsos eléctricos ou proclamarse vencedor dun combate de boxeo metendo un xunque nas luvas son ideas insólitas deste ximnasta, demasiado desgarbado para estar na elite, pero o suficientemente inxenioso como para chegar a ser un dos personaxes máis apreciados polos lectores.

Pinto&Chinto explican detalles inéditos sobre o protagonista; os seus proxenitores eran consumados deportistas, o pai ostenta a marca mundial de halterofilia en gravidade cero e a nai, mítica tenista, logrou tres veces o ouro olímpico de dobres xogando soa.

Tito seguiu en Cataluña as aventuras que o fixeron célebre en Galicia. Co nome de "Tano Filferro", o deportista apareceu nas páxinas da revista *Tretzevents*.

**PINTO&CHINTO:** David Pintor (A Coruña, 1975) & Carlos López (Boimorto, A Coruña, 1967)

David Pintor e Carlos López comezaron a colaborar como humoristas gráficos en 1993 e dende entón traballaron en varios xornais. Na actualidade publican unha viñeta de humor diaria en *La Voz de Galicia* e son a principal referencia da caricatura política en Galicia. Entre os seus galardóns de humor gráfico figuran o Curuxa do humor (Museo do Humor de Fene), o Haxtur (Salón Internacional do Cómico de Oviedo) e o Hermés (Concello de Barakaldo). En 2001 inician unha exitosa incursión na literatura infantil. Despois de máis de 20 libros, convertéronse nuns dos autores máis premiados e prolíficos: premios Merlin, Raiña Lupa, Pura e Dora Vázquez, e Frei Martín Sarmiento; seleccións na Feira Internacional de Boloña en 2007, 2010 e 2011, na Bial Internacional de Bratislava, e na mostra internacional 'Sueños de papel' en México.



- **Temática:** cómic infantil sobre deportes
- **Idade recomendada:** dende 6 anos
- **Aspectos destacables:** destaca polos seus contidos adicionais, entre os que figura unha entrevista cos autores, o making-off das historietas e homenaxes doutros debuxantes que reinterpretan o personaxe; dos autores de "Contos para nenos que dormen deseguida", do ilustrador de "Compostela" e "Hércules e Crunia", editados por KALANDRAKA.

